CaixaBank
PAYMENTS & CONSUMER

QUE É UN SEGURO?

Un seguro é un acordo
entre ti e mais unha compañía de seguros.

Neste acordo ti comprométeste
a pagar unha cantidade de diñeiro, chamada **prima**,
durante un tempo determinado.
A cambio, a compañía de seguros comprométese a axudarche
se ocorre algún dos problemas que aparecen
no contrato que asinastes.

Por exemplo, estes problemas poden ser:

- Accidentes.
- Enfermidades.
- Danos na túa casa.
- Perda do teu vehículo.

Noutras palabras, un seguro protéxete con diñeiro.
Se acontece algo inesperado,
o seguro axúdache a pagar os gastos
e a non ter tantos problemas económicos.

Por que é importante ter un seguro?

Na vida poden pasar moitas situacións
que non esperas e que poden custar moito diñeiro,
por exemplo: un accidente, unha enfermidade ou un roubo.

O seguro dáche tranquilidade e estabilidade económica.

Que debes ter en conta á hora de contratar un seguro?

1. TER CLARAS AS TÚAS NECESIDADES

Antes de elixir un seguro, pregúntate:
Que quero protexer?
A miña saúde, o meu coche, a miña casa,
o meu negocio, a miña vida…?

Non todos os seguros son iguais.

Se contratas un seguro que non se axusta ás túas necesidades,
podes pagar de máis ou ter coberturas que non che serven.

2. REVISAR AS COBERTURAS

As **coberturas** son as situacións
que o seguro cobre.

É moi importante saber o que cobre o seguro
e o que non cobre.

Un **sinistro** é cando ocorre un problema
que o seguro pode cubrir,
por exemplo:

- Un accidente de coche.
- Un incendio na túa casa.

Se queres contratar un seguro de saúde,
as coberturas deben estar relacionadas coa saúde.

Debes fixarte en que inclúa:

- Hospitalización.
- Consultas médicas.
- Algúns medicamentos.
- Cirurxías que poidas precisar.

Se queres contratar un seguro de coche,
debes comprobar que as coberturas che ofrezan
tranquilidade se che acontece algo co coche.

Por exemplo:

- Roubo.
- Danos a outras persoas.
- Accidentes.

3. REVISAR AS EXCLUSIÓNS

As **exclusións** son as situacións
que o seguro non cobre.

Estas exclusións deben estar por escrito
no contrato.

Por exemplo, algúns non cobren:

- Danos por desastres naturais.
- Enfermidades que xa tiñas antes
  de contratar o seguro.

É moi importante ler ben
a parte de exclusións do contrato.
Así non pensarás que algo está cuberto
cando en realidade non o está.

4. COMPARAR A PRIMA E A FRANQUÍA

A prima e a franquía son dous conceptos moi importantes
que tes que revisar e entender ben
antes de asinar o contrato.

A **prima** é o diñeiro que pagas
á compañía aseguradora
por ter o seguro.

A prima pódese pagar unha vez por mes,
cada 3 meses ou unha vez por ano.

A **franquía** é o diñeiro
que pagas ti primeiro cando ocorre un sinistro.

Despois, o seguro paga o resto.

> Por exemplo:
>
> Tes un seguro de coche
> cunha franquía de 200 €.
>
> Se tes un accidente e os danos custan 1.000 €,
> ti pagas 200 €
> e o seguro paga os 800 € restantes.

Por norma xeral,
se o seguro é barato, a franquía é alta.
Polo tanto, se acontece algo, ti terás que pagar moito diñeiro.

Busca un seguro no que a prima e a franquía
sexan razoables.

5. COÑECER OS LÍMITES DE INDEMNIZACIÓN

Cada seguro ten un límite máximo de diñeiro
que pagará se ocorre un sinistro.

Se o límite é baixo,
se cadra o seguro non cobre todo o gasto.

Asegúrate de que o límite sexa suficiente
para a túa situación.

6. COÑECER O TEMPO DE RESPOSTA E A CALIDADE DO SERVIZO

O prezo non é o único importante.
Tamén debes ter en conta
a compañía aseguradora.

Antes de contratar un seguro, pregúntate:

- A compañía aseguradora responde rápido se hai un sinistro?
- É doado contactar con ela?
- Cumpre o que promete?

Un bo servizo é moi importante en momentos difíciles.

7. LER TODA A DOCUMENTACIÓN E O CONTRATO

Antes de asinar o contrato do seguro,
le toda a información que che dan:

- O contrato previo.
- O contrato completo, tamén a letra pequena.

Comproba que o que che explicaron
coincide co que pon no contrato.

Se hai algo que non entendes, pregunta antes de asinar.

Un seguro é un compromiso legal.
Entendelo ben evita problemas despois.

8. PEDIR AXUDA A UN PROFESIONAL

Se tes dúbidas, pide axuda
a un axente ou a un corretor de seguros de confianza.

Eles poden axudarche a comparar máis seguros
e a elixir o mellor para ti.

Consello final

Agora que sabes que é un seguro
e o que debes ter en conta,
podes tomar unha mellor decisión.

Un seguro ben elixido non é un gasto,
é un investimento na túa tranquilidade.